



De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 31 de xullo de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

**2012007621**

## A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 18 de maio de 2012, aprobou provisionalmente a creación da ordenanza Reguladora da Taxa por Instalación de Postos, Casetas de Venda e Camións-Tenda situados en terreo de uso público municipal, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 06.06.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

Ordenanza Reguladora da Taxa por Instalación de Postos, Casetas de Venda e Camións-Tenda situados en terreo de uso público municipal.

### *ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATURAZA.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co desposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por Instalacións de Postos, Casetas de Venda e Camións-Tenda situados en terreo de uso público municipal.

### *ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúe o feito imponible desta Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título desta taxa.

### *ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.*

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades recollidas no artigo 36 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

### *ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.*

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### *ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.*

A cota desta Taxa será a que figura no Anexo desta Ordenanza.

### *ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**ARTIGO 7º.—PERCEPCIÓN.**

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.
- Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o primeiro de cada ano natural.

**ARTIGO 8º.—LIQUIDACIÓN.**

Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa o una liquidación única anual.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o pago nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**ARTIGO 9º.—INGRESO.**

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería Municipal, o unas entidades financieras que se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen ó efecto.

**ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**ARTIGO 11 º.—NORMAS DE XESTIÓN.**

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle de superficie de aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

No caso de denegarse as autorizacións os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente declaración de baixa do interesado.

Cando remate o aproveitamento os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa, e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**CADRO DE TARIFAS:***Feira de Ponte Caldelas.*

- |  |          |
|--|----------|
| 1. Licenza municipal anual .....             | 20,00 €. |
| 2. Ocupación de vía pública por m2/día ..... | 0,50 €   |

DIMENSIÓNS		SUPERFICIE	0,50 M2
LARGO	ANCHO		
1	1	1	12,00 €
2	1	2	24,00 €
2	1,5	3	36,00 €
2	2	4	48,00 €
3	1	3	36,00 €
3	1,5	4,5	54,00 €
3	2	6	72,00 €
4	1	4	48,00 €
4	1,5	6	72,00 €
4	2	8	96,00 €
5	1	5	60,00 €
5	1,5	7,5	90,00 €
5	2	10	120,00 €
6	1	6	72,00 €
6	1,5	9	108,00 €
6	2	12	144,00 €
7	1	7	84,00 €
7	1,5	10,5	126,00 €
7	2	14	168,00 €
8	1	8	96,00 €
8	1,5	12	144,00 €
8	2	16	192,00 €
9	1	9	108,00 €
9	1,5	13,5	162,00 €
9	2	18	216,00 €
10	1	10	120,00 €
10	1,5	15	180,00 €
10	2	20	240,00 €

*Venda dende vehículos-tenda por ano.*

Licenza municipal..... 20 €

Taxa anual ..... 100 €

As autorizacións faranse para as medidas e superficies recollidas no presente cadro.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 31 de xullo de 2012. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012007616

\* \* \*

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### EDICTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2012, aprobou inicialmente o expediente número 09/T/2012 de Modificación de Créditos por transferencia de crédito, publicándose no B.O.P. número 132 de data 10 de xullo de 2012.

Transcorrido o prazo de exposición ó público regulamentario, de acordo co artigo 169.1 e 177.2 do TRLRFL RDL 2/2004 de 5 de marzo, sen que se presentase ningunha reclamación, considérase definitivamente aprobado o expediente de referencia. O citado expediente entrará en vigor unha vez publicada a aprobación definitiva tal e como establece o artigo 169.5 do RDL 2/2004.